

UN CONFLICTO ARTIFICIAL

Manuel Herminio Iglesias

Hai uns días o Supremo emitiu unha sentenza na que rexeitou que se poida escoller o idioma no que teñen que estudar os fillos. Polo tanto non admitiu o recurso dun pai que, alegando indefensión, pedía que a educación do seu fillo se fixese somente en castelán. Esta sentenza tira por terra, baixo o meu punto de vista, a pretensión de poder elixir o idioma. E pon de manifesto que a segregación por idioma, que tanto aireou o PP na mentireira e sucia campaña electoral das autonómicas, non se poderá levar a cabo. Por outro lado, deixa claro que o idioma das comunidades autónomas ten que ser coñecido e polo tanto estudado. Outra cousa é que materias distintas á de lingua se estuden no idioma da comunidade autónoma como algo obrigatorio. Ademais deixa claro que os contidos dos Estatutos no referido á lingua tamén son lei de obrigatorio cumprimento, polo que os pais terán que aceptar que aquelas materias que se imparten para coñecemento da lingua galega non poderán ser eliminadas baixo o pretexto de que non son obrigatorias.

Outra cuestión que se tira desta sentenza é que a elección do idioma no que un pai ou unha nai queira que estude o seu fillo non poderá ser aceptada, pois se isto se fixera tamén outros poderían pedir que os seus rapaces estudarán en árabe, ou que tal e cual asignatura se eliminara do currículo escolar por non gustarlle. O currículo escolar é de obrigatorio cumprimento e non o redactan os pais ao seu antoxo.

Ademais do reseñado tamén quixera facer referencia á oportunidade desta sentenza que, en certa medida, ven a demostrar que os argumentos de Galicia Bilingüe son sectarios e mentireiros, e somente pretenden crear un conflito idiomático que a día de hoxe é inexistente e polo tanto artificial, pois en Galiza a convivencia idiomática nunca creou conflitos entre os falantes dos dous idiomas oficiáis. A pretensión do Goberno anterior da Xunta somente tiña como obxectivo que o galego tivera máis presenza no ensino, pero sin superar o 50% das materias do currículo escolar. En fin, supoño que co paso do tempo iranse moderando as posturas bélicas dun PP antigaleguista e sectario, pois o camiño do enfrontamento utilizando a lingua coma medio é moi perigoso e pode traer consecuencias negativas para quen se deixa levar pola intransixencia duns poucos e con ela pretende quitar rédito electoral.

Debo afirmar que me reconforta esta sentenza, e dende agora en adiante espero que entre todos saibamos valorar o noso signo de identidade común o cual se creou durante miles de xeracións e que valeu até hoxe para comunicarnos. Ademais debemos ter en conta que durante a infancia aprender varios idiomas enriquecenos e axuda a facernos máis abertos e tolerantes, aspecto enriquecedor e positivo en calquer sociedade.